



Concello de Vilalba

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO COMEDOR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILALBA

Artigo 1. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de comedor na Escola de Educación Infantil de Vilalba (segundo ciclo de Educación Infantil).

Artigo 2. OBRIGADOS AO PAGO

Tendo en conta que as/os usuarias/os do servizo de comedor son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, as súas nais, pais, e titores/as legais, ou representantes legais.

Non están obrigados ao pago do servizo os seguintes usuarios/as:

- Os pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación económica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Aqueles cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000€.
- Os coidadores de NEEs, que durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren.

Artigo 3. TARIFAS

As tarifas diarias a abonar polos/as usuarios/as do servizo son as que se contemplan no seguinte cadro en función da renda anual per cápita da unidade familiar:

RENDA ANUAL PER CÁPITA POR UNIDADE FAMILIAR	CUANTÍA A PAGAR
<i>De 7.000,01 a 8.000,00€</i>	<i>1 €/día</i>
<i>De 8.000,01 a 9.000,00€</i>	<i>2,50€/día</i>
<i>Igual ou superior a 9.000,01 €</i>	<i>4,50€/día</i>

Concello de Vilalba



Concello de Vilalba

Artigo 4. UNIDADE FAMILIAR E RENDA ANUAL PER CÁPITA

Para a determinación da tarifa a abonar polo/a usuario/a de acordo co artigo anterior aplicaranse as seguintes normas:

Para a fixación das cantidades que se deben aboar, a renda familiar anual neta per cápita obterase por agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar.

A base imponible virá determinada pola renda per cápita anual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir polo número de membros da unidade familiar, a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla 455) coa base imponible do aforro (casilla 465), do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio fiscal anterior ao ano natural en que dea comezo o curso escolar.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.



Concello de Vilalba

– No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior á matrícula do curso escolar correspondente.

Artigo 5. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

Os prezos regulados reivindicaranse no momento en que se inicie a prestación do servizo e farase con carácter mensual polos días nos que se prestou o servizo, mediante domiciliación bancaria que será xirada nos dez primeiros días do mes seguinte.

O impago de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo, o que será notificado ao pai/nai titor/a concedendo 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente.

De non facerse suporá a perda da praza no servizo.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse no concello, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación.

Nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas correspondentes ós días de suspensión denegadas na liquidación mensual correspondente.

Cando o servizo público non se preste polo Concello, non procederá a liquidación polos días correspondentes.

Artigo 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación a Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente prezo público, que se aprobou polo Pleno na súa sesión celebrada o día 25/03/2021, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP (*nº 081, do 12/04/2021*), e será de aplicación a partir dese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.